

EXPEDIENTE:	2022/00019084W
PROCEDEMENTO:	P1 - Previo de necesidades
DESCRUCIÓN	OCUPACIÓN DE VIA PÚBLICA NO PARQUE DA ALAMEDA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A COLOCACIÓN DE POSTOS DURANTE AS FESTAS DA ASCENSIÓN E DO APÓSTOLO DO ANO 2022

Colocación de postos no parque da Alameda de Santiago de Compostela durante as festas da Ascensión e do Apóstolo do ano 2022

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

“Artigo 28. Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1. As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.”

As festas da Ascensión e do Apóstolo caracterizáronse tradicionalmente por albergaren unha importante cantidade de atraccións de feira que contribúe a dotar de ambiente festivo á cidade durante os períodos das principais citas festivas da cidade como son a Ascensión e o Apóstolo.

Estas atraccións festivas son de moi diverso carácter e comprenden postos, barracas, postos de venda, quioscos, espectáculos, atraccións feirais e de recreo e outras instalacións similares propias das festas da Ascensión e do Apóstolo.

Estas atraccións son un trazo distintivo das festas de Compostela que contribúen a crear o ambiente festivo necesario para o desfrute da cidadanía ao tempo que actúan como atractivo para que se acheguen persoas dos concellos lindeiros, da comarca e mesmo de fóra de Galicia, de xeito especial durante o Apóstolo.

O Concello de Santiago de Compostela non conta cos medios propios precisos para a provisión deste tipo de atraccións, dado que se trata de actividades especialmente destinadas ás festas e non de uso xeral, polo que resulta imprescindible recorrer á contratación externa de empresas especializadas neste ámbito recreativo.

As datas que orixina a celebración de 2022 son o día 28 de maio (día da Ascensión) e o 25 de xullo (Día do Apóstolo), as festas teñen unha duración de 5 e 10 días respectivamente e os períodos nos que se pretende que estean disponibles as atraccións de feira comprenden uns días anteriores e outros posteriores a cada unha das celebracións que son de 16 días para a Ascensión e 14 para o Apóstolo.

A duración da autorización comprende a anualidade do 2022.

DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

1. UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

CENTRO XESTOR PROPOÑENTE	
CLAVE	CX 29
DENOMINACIÓN	Festas e festexos
PERSONA RESPONSABLE DO SEGUIMENTO	
NOME	Xesús Manuel Amado Reino
CARGO	Técnico de xestión e programación cultural

2. CONTRATO SARA:

	Si
X	Non

2.1. DIRECTIVA DE APLICACIÓN:

	Directiva 2014/23/EU - relativa á adxudicación de contratos de concesión
X	Directiva 2014/24/EU - sobre Contratación Pública
	Directiva 2009/81/EC - relativa á adxudicación de contratos de subministración, servizos e obras no ámbito da defensa e a seguridade
	Non aplica

3. TIPO DE CONTRATO:

	Subministración
	Servizos
	Obras
	Administrativo especial
x	Privado
	Xestión de Servizos Públicos
	Concesión de Servizos
	Concesión de Obras Públicas
	Concesión de Obras
	Colaboración entre o sector público e o sector privado Patrimonial

4. SUBTIPO DO CONTRATO :

5. OBJECTO DO CONTRATO

Autorización de ocupación de vía pública no parque da alameda de Santiago de Compostela para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo no ano 2022

6. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

A colocación de postos, barracas, casetas de venda, quioscos, espectáculos, atraccións feirais e de recreo e outras instalacións similares durante as festas da Ascensión e do Apóstolo da anualidade 2022 nos períodos de 16 días para a Ascensión e 14 para o Apóstolo.

7. DECLARACIÓN INSUFICIENCIA DE MEDIOS

O Concello de Santiago de Santiago de Compostela é o organizados das festas da Ascensión e do Apóstolo e, nesta condición, vén licitando a ocupación de vía pública no parque da alameda para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo. Sendo necesario recorrer á contratación pola inexistencia dos medios materiais e humanos necesarios para a realización do servizo, tanto no Concello como nos seus organismos autónomos e nas empresas mercantís con participación municipal maioritaria, conforme sinala o artigo 116.4 f) da LCSP de 2022 no marco das festas do Apóstolo que conforman unha unidade temática e artística

8. COMPRA PÚBLICA INNOVADORA:

X	Non
	Compra Pública de Tecnoloxía Innovadora
	Compra Pública Precomercial

9. PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

X	Aberto
	Aberto simplificado
	Asociación para a innovación
	Baseado en Acordo Marco
	Baseado en sistema dinámico de adquisición
	Concurso de proxectos
	Contrato menor
	Derivado de asociación para a innovación
	Díálogo competitivo
	Licitación con negociación
	Negociado con publicidade
	Negociado sen publicidade Restringido

10. SISTEMA DE CONTRATACIÓN

	Contrato baseado nun Acordo Marco
	Contrato baseado nun Sistema Dinámico de Adquisición
	Establecemento do Acordo Marco
	Establecemento do Sistema Dinámico de Adquisición
X	Non aplica

11. TIPO TRAMITACIÓN

	Emerxencia
	Ordinaria
X	Urxente

12. NOMENCLATURA (CPV)

13. TRAMITACIÓN DO GASTO

X	Ordinaria
	Anticipada

14. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Valor estimado do contrato	94.646,41 € euros
Valor estimado da prórroga	euros
Prórroga extraordinaria art.29.4 LCSP (6 meses)	euros
TOTAL DO VALOR ESTIMADO	euros

15. TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

Prezo base	Canon mínimo anual a pagar pola concesionaria 94.646,41 €
<i>XX % de Gastos Xerais(no caso de obras)</i>	€
<i>X % de Beneficio Industrial(no caso de obras)</i>	€
<i>Tipo de licitación</i>	€
<i>(xx)% de I.V.A.</i>	€
TOTAL	Canon mínimo anual a pagar pola concesionaria 94.646,41 €

16. PARTIDA ORZAMENTARIA

Nº Aplicación orzamentaria	
----------------------------	--

17. FINANCIACIÓN UE OU OUTRA

	Si	Nome do Plan:	
X	Non		

18. DIVISIÓN POR LOTES

	Si
X	Non

18.1. XUSTIFICACIÓN DA NON PROCEDENCIA DA DIVISIÓN POR LOTES

19. FÓRMULA REVISIÓN DE PREZOS:

	Si
X	Non

20. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA E OUTROS REQUISITOS DE SOLVENCIA TÉCNICA

OBRIGATORIA	Si	
	Non	X

Clasificación:

Outros requisitos de solvencia técnica

Relación das principais adxudicacións similares noutras Administracións Públicas ás do obxecto desta licitación nos últimos tres anos.

21. EMPRAZAMENTO

Alameda de Santiago de Compostela

22. DIRECCIÓN

Alameda de Santiago de Compostela

23. PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS E PRÓRROGAS

O prazo de vixencia do contrato estenderase desde a súa sinatura ata o 3 de agosto de 2022. Porén, os terreos na alameda só se poderán ocupar polos períodos fixados no PPT para a ascensión e o apóstolo que son os seguintes:

Festividade	Data	Inicio da ocupación autorizada	Fin da ocupación autorizada	Duración total da ocupación
Ascensión	26/05/2022	14/05/2022	29/05/2022	16 días
Apóstolo	25/07/2022	18/07/2022	31/07/2022	14 días
PRAZO EXECUCIÓN		POSIBLES PRÓRROGAS		
Días		Días		
Anos	2022	Anos		
Meses		Meses		

24. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

<input checked="" type="checkbox"/>	Consideracións de tipo medioambiental .
	Promover o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral
	Eliminar desigualdades entre home e muller
	Combater o paro
	Favorecer a formación no lugar de traballo
<input checked="" type="checkbox"/>	Cumprimento das Convencións fundamentais da Organización Mundial do Traballo
<input checked="" type="checkbox"/>	Sometemento do contratista á normativa de protección de datos

25. SUBCONTRATACIÓN :

	Si	Porcentaxe:
<input checked="" type="checkbox"/>	Non	

26. ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA

	Pago ÚNICO
	Pago mensual
	Pago trimestral
	Pago por fases executadas
<input checked="" type="checkbox"/>	Outras formas